



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFORMACIÓN E A FUNDACIÓN EMPRESA UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA A PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO E O IMPULSO DA MARCA GALICIA COMO ACTIVO PARA A I+D+i

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a realización das accións incluídas nas seguintes liñas de actuación:

- PROGRAMA OPORTUNIUS

Dentro do Programa Oportunius prevense, entre outras, as seguintes actividades:

- Difusión xeral, identificación e captación de candidatos e dinamización do programa.
- Elaboración e ampliación das bases de datos de potenciais candidatos, deseño realización e revisión de materiais de difusión (*landing page, webs, folletos, presentacións, videocápsulas testemuñais, merchandising, etc.*).
- Execución de campañas de difusión (*mailings personalizados, publicidade en redes, insercións en prensa, cuñas de radio, etc.*).
- Xestión de colaboracións externas.
- Organización de eventos de presentación a distintos niveis (rexional, nacional e internacional) e con distintos formatos (online e presencial).
- Detección temperá e seguimento de potenciais candidatos.
- Dinamización da comunidade Oportunius (candidatos finalistas e gañadores e entidades de acollida).





- Formación e asesoramento a candidatos.
- Seguimento e mellora do programa (recompilación e explotación de datos, elaboración informes, notas, ...)

-CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE TALENTO INTERNACIONAL

Dentro da campaña de captación de talento internacional, que ten como finalidade dar a coñecer as características e bondades do ecosistema galego de I+D+i conformado por centos de profesionais de renome internacional e centros de investigación punteiros, promocionar os diferentes programas e axudas para a captación e contratación de persoal de I+D+i existentes en Galicia. e por en valor a Galicia como un entorno atractivo para vivir e desenvolver o potencial profesional das persoas.

Para tal fin, prevense, entre outras, as seguintes actividades:

- Execución da campaña de comunicación (identificación de canles e medios de chegada a potenciais interesados e elaboración de bases de datos, deseño, realización e revisión de materiais de difusión (*landing page*, pezas gráficas para prensa, cartelería e RRSS, *banners* para web, videocápsulas testemuñais, cuñas de radio, *merchandising*, etc.)
- Realización de actividades de difusión, identificación e xestión de patrocinios e colaboracións con axentes prescriptores.
- Organización de eventos de presentación a nivel internacional.
- Accións de seguimento da campaña..

- PORTAL INNOVAREDE

Dentro do espazo de talento portal **INNOVAREDE**, o cal se configura como unha plataforma desenrolada pola Axencia Galega de Innovación que recolle o conxunto de capacidades e a oferta de I+D+i dos centros e entidades de investigación de Galicia. Este mapa de axentes de I+D+i rexional está previsto que incorpore, ademais de información sobre capacidades científicas e tecnolóxicas (banco de patentes, inventario de equipamentos-infraestruturas), unha capa de talento onde se poidan publicar ofertas de emprego e subir candidaturas, así como dar difusión e publicidade aos programas e axudas vixentes para a incorporación de talento de I+D+i nos axentes do ecosistema.



Esta liña de actuación comprende, entre outras, a realización das seguintes actividades:

- Deseño da capa de talento da plataforma Innovarede que se baseará nunha análise *benchmark* de portais similares.
- Identificación das especificidades técnicas asociados a esta sección da plataforma.
- Deseño e xestión do plan de difusión e comunicación específico desta sección (Identificación de canles e medios de chegada a potenciais interesados e elaboración de bases de datos, deseño de materiais de comunicación (*banners* para web, pezas gráficas para RRSS, videocápsulas informativas, etc.). Realización de actividades de difusión (*mailings*, publicidade en redes e medios de comunicación, presentación en eventos, etc.).
- Xestión, actualización de contidos e dinamización do portal.
- Seguimento do funcionamento e uso da plataforma no que se refire á capa de talento (análise de resultados, incorporación de melloras, etc..)

- OFICINA DE TALENTO INTERNACIONAL

Esta liña de actividade prevé a definición e coordinación dunha Oficina de Talento conxunta para todos os axentes do ecosistema de I+D+i rexional (universidades, CSIC, centros tecnolóxicos,..) adicada á atracción, captación, retención e retorno de talento, á negociación cos candidatos e á facilitación das xestións para a súa acollida (*Wellcome package*). Na configuración desta Oficina participarán activamente as tres universidades galegas, buscaranse sinerxías coa Estratexia Retorna e outras iniciativas emanadas dos actores participantes e potenciarase a xeración de vínculos co exterior (RAICEX, Euraxess, diplomacia científica, etc.)

Serán destinatarios dos servizos desta Oficina os investigadores captados por calquera das entidades participantes a través de convocatorias asociadas a programas de talento da Xunta de Galicia ou das propias entidades. Tamén poderán ser usuarios da Oficina os investigadores con estancias que poidan ser potenciais candidatos a quedarse en Galicia para desenrolar a súa traxectoria profesional e tamén outros investigadores interesados en Galicia e no seu ecosistema de I+D+i.



A Oficina de Talento coordinará, en colaboración e co soporte dos servizos que correspondan das tres universidades galegas, unha atención integral aos investigadores, actuando en ámbitos como os que seguen:

- Tramitación de visados e permisos de traballo.
- Obtención, legalización e homologación de documentos oficiais (títulos, carné de conducir, etc.).
- Búsqueda de aloxamento.
- Información sobre seguros, cobertura sanitaria e atención médica. Tramitación da tarxeta sanitaria.
- Información laboral (nóminas, impostos ...) e sobre servizos financeiros.
- Formación.
- Integración social de cónxuxes e familias (gardería, educación y outros asuntos familiares).
- Integración laboral e, no seu caso, na comunidade universitarias do personal investigador xestionado.

Esta liña de actuación implicará a realización de actividades como as propostas a continuación:

- Análise benchmark de oficinas similares.
- Definición do modelo de oficina e da oferta de servizos.
- Deseño e xestión do plan de difusión e comunicación da Oficina.
- Creación e mantemento da páxina web.
- Xeración de imaxe de marca.
- Identificación de canles e medios de chegada a potenciais interesados.
- Deseño de materiais de comunicación (*banners* para web, pezas gráficas para RRSS, videocápsulas informativas, *merchandising*, etc.).



- Realización de actividades de difusión (*mailings*, publicidade en redes e medios de comunicación, presentación en eventos, etc.).
- Coordinación de servizos e doutras actuacións, en colaboración cos servizos universitarios das tres universidades galegas de soporte a esta iniciativa: (asesoramento xurídico, laboral e fiscal. Inmobiliario, financeiro, de xestión de visados... formación (particularmente, no idioma do país de acollida), elaboración de protocolo de acollida, reunións de benvida e informativas, deseño de programas de mentoría e asesoramento, elaboración de newsletter, celebración de eventos específicos dirixidos aos usuarios da Oficina.
- Seguimento do funcionamento da Oficina (a través da plataforma de xestión, análise de resultados e incorporación de melloras).

Resulta de interese para ambas as dúas partes a colaboración na execución e proxección do Programa Oportunius, o desenvolvemento dunha campaña internacional de atracción e retorno de talento, a definición e actualización do espazo de talento para a I+D+i da plataforma INNOVAREDE e o deseño e coordinación dunha oficina de talento internacional para todo o ecosistema innovador rexional.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. FEUGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, especializada na transferencia de coñecemento, a innovación e a tecnoloxía desde o Sistema universitario de Galicia (SUG) ao mundo empresarial e á sociedade en xeral.

A súa misión é achegar o talento e o saber científico e técnico xerado polos grupos de investigación universitarios ao mercado, para favorecer o emprendemento, a xeración de emprego, a competitividade do tecido produtivo e o dinamismo do sistema rexional de I+D+i.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración de FEUGA. Os seus membros fundadores son as tres universidades galegas e as máis prestixiosas institucións públicas e empresas privadas de Galicia.

2. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia (núm. 114 de 17 de xuño de 2013), recolle no seu artigo segundo, entre os seus fins





fundamentais, favorecer a internacionalización da investigación científica, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación e apoiar o desenvolvemento en Galicia dunha contorna social e institucional favorable á investigación, tanto básica como aplicada, á innovación e ás empresas innovadoras.

3. Con data 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adopta o acordo mediante o cal se aproba a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación da Comunidade Autónoma neste período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.
4. O obxectivo estratéxico 4 da RIS 3 Galicia 2021 – 2027 aposta por apoiar o desenvolvemento das capacidades das persoas, permitindo aproveitar as oportunidades derivadas do modelo de especialización intelixente e converter a Galicia nunha contorna atractiva para a atracción e retención do talento. O obxectivo estratéxico 5, pola súa banda, busca impulsar a marca GALICIA como activo para a I+D+i e apalancar investimento externo, tanto privado como público , así como posicionar a Galicia neste ámbito en Europa e no mundo en xeral.

O presente convenio enmárcase na RIS3 Galicia 2021 – 2027 e alíñase cos obxectivos estratéxicos 4 e 5 que se acaban de referir .FEUGA conta con máis de 40 anos de historia nos que logrou consolidarse como unha organización de referencia no ámbito do talento, a formación, a innovación e o emprendemento, actuando como catalizador para estreitar vínculos e promover a transferencia de coñecemento e a innovación entre a universidade, a industria e a sociedade en xeral. Conta cunha área de talento que ofrece, por unha banda, oportunidades laborais a estudantes e titulados universitarios e de formación profesional e, por outra, formación a profesionais en activo do eido empresarial e investigador. Dispón, así mesmo, dun departamento encargado de desenvolver proxectos innovadores para institucións públicas e entidades educativas e de investigación. Desde este departamento deseñouse e xestiónase, por exemplo, a Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS), da que forman parte os centros de investigación punteiros do SUG e na que se desenvolven actividades de moi diversa índole (elaboración de procedementos de avaliación, presentación de proxectos





européas, deseño de estratexias en ámbitos clave para a Rede, deseño e coordinación do plan de comunicación, organización de eventos e actividades formativas, etc.).

5. FEUGA, a través da súa área de innovación e emprendemento, participa tamén en máis de 40 proxectos europeos como responsable das estratexias de comunicación, difusión e/ou explotación, ademais de apoiar aos diferentes axentes do ecosistema de innovación galego para fomentar a súa participación neste tipo de iniciativas. Igualmente brinda apoio durante todo o proceso de innovación en convocatorias nacionais e autonómicas de proxectos de I+D a través de distintos tipos de servizos (desde a procura de vías de financiamento, construción de consorcios, elaboración e tramitación de propostas até a xestión técnica e administrativa e a transferencia dos resultados aos axentes do sector e á sociedade en xeral mediante actividades de difusión e comunicación). Finalmente impulsa a transferencia de novos desenvolvementos tecnolóxicos á industria e da soporte ao ecosistema de emprendemento a través de servizos de diagnóstico de innovación industrial e startups, propiedade intelectual e análise de mercado, vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva; a busca de oportunidades de financiamento público privado e a organización de eventos enfocados en redes e emprendemento.
6. A Axencia Galega de Innovación considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e a experiencia de FEUGA, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos a:

Crear un entorno favorable para a promoción, captación, retención e retorno de talento que sitúe ás persoas como activo principal e poña en valor a ciencia na abordaxe das prioridades de especialización de Galicia.

Impulsar a marca e o posicionamento de Galicia como activo para a I+D+i a nivel europeo e internacional.
7. A Axencia Galega de Innovación compensará a FEUGA polos custos xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:





Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Anualidade		
		2023	2024	2025
05.A2.561A.640.0	2016.00017	160.963	968.296	915.949
Total			2.045.208	

Nos importes indicados, está incluído o IVE aparellado ós custos financiados.

Os custos indicados desagréganse nos importes seguintes:

Tipoloxía actuación	Tipoloxía de gasto/gastos subvencionables	2023	2024	2025	TOTAL
PROGRAMA OPORTUNIUS	Gastos de persoal	13.596	47.697	42.657	103.950
	Suministracións e servizos	90.054	351.999	360.446	802.499
	Outros	0	7.558	7.861	15.419
CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE TALENTO INTERNACIONAL	Gastos de persoal	13.220	40.350	41.228	94.798
	Suministracións e servizos	0	187.304	194.798	382.102
	Outros	0	17.635	18.341	35.976
ESPAZO DE TALENTO DO PORTAL INNOVAREDE	Gastos de persoal	5.147	24.822	25.049	55.018
	Suministracións e servizos	15.730	40.938	27.511	84.179
	Outros	0	0	0	0
OFICINA DE TALENTO INTERNACIONAL	Gastos de persoal	5.065	83.346	74.261	162.672
	Suministracións e servizos	18.150	163.625	120.652	302.427
	Outros	0	3.024	3.145	6.169
	TOTAL	160.962	968.298	915.949	2.045.209



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente,

A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar

